

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000058.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **venres**, día 30 de decembro de 2022, **ás 10 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

PERSOAL

1. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DE 1 PRAZA DE CELADOR/A CEIP NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DESTE CONCELLO PARA O ANO 2024.

CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS

2. CONTRATACIÓN DA OBRA "TERMINACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN VARIAS RÚAS DO BARRIO DO GRUPO LA PAZ". APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C002-000028.

3. CONTRATACIÓN DA OBRA DE RENOVACIÓN DO CANIL DO PARQUE DA MILAGROSA. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C002-000031.

4. CONTRATACIÓN DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DE PARCELAS MUNICIPAIS 27900A44100077 E 27900A44200015 EN SAN CIBRAO". APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac153901205642750337.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 30-12-2022

ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C002-000034.

5. CONTRATACIÓN DA OBRA "ABASTECIMENTO DE AUGA AO NÚCLEO DE FERREIROS". OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C002-000036.

6. CONTRATACIÓN DA OBRA "ABASTECIMENTO DE AUGA AO NÚCLEO DE CIMADEVILA". OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C002-000035.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión na perentoria necesidade de dar resolución aos asuntos incluídos na orde do día.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretario, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta, dona Lara Méndez López